



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A FEDERACIÓN GALEGA DE
REDEIRAS ARTESÁS “O PEIRAO”

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro ten previsto formalizar coa Federación Galega de Redeiras Artesás “O Peirao” o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 23.01.2020 ata o 31.12.2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións de colaboración entre a Consellería do Mar e a Federación Galega de Redeiras Artesás “O Peirao” co fin de financiar os gastos correntes que se produzan no ano 2020 como consecuencia das actividades que desenvolva a federación ao longo do presente ano.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que se trata dunha subvención nominativa porque na Lei 6/2019, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020 figura a dotación orzamentaria no capítulo IV de Transferencias Correntes 15.03.722A.481.1 proxecto 2014 00639, destina a financiar gastos correntes das federacións de confrarías de pescadores.

En conformidade co artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo y do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Susana Rodríguez Carballo

(asinado dixitalmente)

